| F/2023/1070 | 18/04/2023 | E00032 | 217,80 | 32557456J | JOSE A. MARTINEZ BOUZA/IMPRENT A SAN ESTEBAN | 300 DIPTICOS BIBLIOTECA MUNICIPAL IMPRESOS A COR, TAMAÑO 21X21CM (FACTURA PRESENTADA O 25/06/2021) | 3321 | 22602 |

Cod. Validación: X6JYQQZZMRATFRYAAS39XPY4S
Corrección: https://mugardos.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 26

**Concello de Mugardos**
(A Coruña)

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/2023/1095 | 24/04/2023 | 162 | 1.209,99 | 32649932Y | CLAUDIO PRIETO LAGE | ALQUILER DE 2 NAVES INDUSTRIALES SITAS EN FEAL, S/N - JUNIO DE 2021 (FACTURA PRESENTADA EL 30 DE JUNIO DEL 2021) | 450 | 20200 |
| F/2023/1096 | 24/04/2023 | E00062 | 90,75 | 32557456J | JOSE A. MARTINEZ BOUZA/IMPRENTA SAN ESTEBAN | 1800 TICKETS MERCADO MUNICIPAL (FACTURA PRESENTADA O 06.05.2022) | 920 | 22699 |
| F/2023/1097 | 24/04/2023 | E00063 | 78,65 | 32557456J | JOSE A. MARTINEZ BOUZA/IMPRENTA SAN ESTEBAN | CARTELES IMPRESOS A COLOR EN DOBLE FOLIO ""VEMONOS NOS BARES"" (FACTURA PRESENTADA O 06.05.2022) | 432 | 22602 |
| F/2023/1098 | 24/04/2023 | E00064 | 943,80 | 32557456J | JOSE A. MARTINEZ BOUZA/IMPRENTA SAN ESTEBAN | 5000 DIPTICOS EN A4 (XESTION COLONIAS FELINAS) - FACTURA PRESENTADA O 06.05.2022 | 170 | 22602 |
| F/2023/1099 | 24/04/2023 | E00066 | 520,30 | 32557456J | JOSE A. MARTINEZ BOUZA/IMPRENTA SAN ESTEBAN | 2000 IMPRESOS EN A-4 A COLOR POR LAS DOS CARAS Y PLEGADOS (FACTURA PRESENTADA EL 15.06.2022) | 920 | 22699 |
| F/2023/1100 | 24/04/2023 | E00067 | 199,65 | 32557456J | JOSE A. MARTINEZ BOUZA/IMPRENTA SAN ESTEBAN | 150 TRIPTICOS IMPRESOS A COLOR (COIDADOS PORTA A PORTA) - FACTURA PRESENTADA EL 15.06.2022 | 231 | 22602 |
| F/2023/1101 | 24/04/2023 | E00078 | 556,60 | 32557456J | JOSE A. MARTINEZ BOUZA/IMPRENTA SAN ESTEBAN | MATERIAL DIVERSO DE OFICINA PARA ALCALDIA (FACTURA PRESENTADA EL 08.08.2022) | 912 | 22000 |

Cod. Validación: X6JYQQZZMRATFRYAAS39XPY4S
Corrección: https://mugardos.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 26

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/2023/1102 | 24/04/2023 | E00079 | 175,45 | 32557456J | JOSE A. MARTINEZ BOUZA/IMPRENTA SAN ESTEBAN | 100 IMPRESOS EN DIN-A3 IMPRESOS A COLOR (PEIRAO ROCK) - FACTURA PRESENTADA EL 05.09.2022) | 334 | 22602 |
| F/2023/1103 | 24/04/2023 | E00080 | 600,16 | 32557456J | JOSE A. MARTINEZ BOUZA/IMPRENTA SAN ESTEBAN | 500 TARJETAS MINUSVALIDOS Y 200 CARPETAS IMPRESAS A COLOR (FACTURA PRESENTADA EL 05.09.2022) | 231 | 22000 |
| F/2023/1297 | 12/05/2023 | Emit- 42 | 750,20 | 32668727X | MIGUEL ANGEL AMENEIROS VILASANCHEZ | ANALISIS DE AGUAS EN TANQUES E FONTES DO CONCELLO ( PERIODO: DECEMBRO 2022 ) | 161 | 22799 |
| F/2023/1387 | 29/05/2023 | A00003070 | 246,84 | A40573396 | ISTEC SAU | CERTIFICADO DE SELLO DE ORGANO - 3 AÑOS (FACTURA CORRESPONDENTE AO ANO 2021) | 920 | 22699 |
| | | | 14.258,28 | | | | | |

## COTAS COMUNIDADE DE PROPIETARIOS

| Nº de Documento | Importe Total | Tercero | Nombre | Texto Explicativo | Prog | Econ |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 06/2020 | 506,66 | H15318785 | COMUNIDADE DE PROPIETARIOS CASTELAO 1-3-5-7 | EXTRA LIMPEZA TUBERIA E DESATASCO | 920 | 21200 |
| 04/2021 | 68,72 | H15318785 | COMUNIDADE DE PROPIETARIOS CASTELAO 1-3-5-7 | EXTRA CANALONES BAIXO | 920 | 21200 |
| | 575,38 | | | | | |

4º.- Dar traslado do presente acordo á Intervención e Tesourería municipal..”

Cod. Validación: X6JYQQ2ZMRATFRYAAS39XPY4S
Corrección: https://mugardos.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 26

| Primeira quenda de intervencións | |
|---|---|
| Grupo PSdG-PSOE | Supedita o seu voto a favor respecto do recoñecemento extraxudicial de créditos vinculado aos gastos reclamados pola Comunidade de Propietarios a que se separen do expediente do recoñecemento extraxudicial de créditos os restantes gastos de carácter corrente e que evidencian a mala xestión do goberno municipal xa que se non queren seguir a normativa aplicable, o seu grupo non ten por que amparar tales prácticas. |
| Presidenta | Cando o seu grupo accedeu ao goberno xa existían este tipo de prácticas e non había contratos.. Se está estudando o sustema da tarxeta monedero para regularizar os gastos de alimentos. Outros de carácter material son necesarios para o funcionamento e se irán regularizando cando se poda. |
| Grupo BNG | Asume as mesmas consideracións que o grupo PSdG-PSOE. Tras cinco anos de gobernó seguen no mesmo punto de partida e amparándose nas mesmas prácticas que auditaron, prácticas que considera alegais. O seu grupo xa respectou os 100 días de cortesía e xa votaron a favor de previos expedientes de modificación de crédito que ampararon recoñecementos extraxudiciais pero non poden seguir así. |

Sometida a votación ordinaria acádase o seguinte resultado:

| **Grupo municipal** | PP (5) | BNG (3) | PSdG-PSOE (3) | EU (2) |
|---|---|---|---|---|
| **Sentido do voto ponderado** | A favor | En contra | En contra | Asbtención |

En función do resultado obtido, emítese o seguinte **ditamínase desfavorablemente a proposta.”**

| **Primeira quenda de intervencións** | |
|---|---|
| **Portavoz PSdG-PSOE** | O seu grupo solicitou en Comisión Informativa que se separasen os gastos asociados á reclamación da Comunidade de Propietarios sen que fose atendida. Lembra de seguido os argumentos aducidos en dito órgano colexiado asociadas ao incumprimento da normativa contractual aplicable, falta de transmisión de información sobre os motivos da inclusión e falta de pago de gastos de naturezacorrente como poda ser o material de oficina ao que engade que se tratan de facturas do ano 2021 e 2022 |



Cod. Validación: X6JYQQ2ZMRATFRYAAS39XPY4S
Corrección: https://mugardos.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 26

| | |
|---|---|
| | polo que piedeexplicacións do concelleiro delegado de área do mandato anterior. |
| **Portavoz BNG** | Os informes emitidos por intervención porían de manifesto que non se está cumprir coa normativa aplicable. Reitera o xa trasladado na previa Comisión Informativa en canto que o PP en canto tomou posesión, solicito unha auditoría dando a entender que podería haber unha falsificación de fondos e a situación actual que evidencia o expediente podería motivar que se solicitase outra auditoría. Pon en atención que fronte aos gastos que se inclúen no expediente de recoñecemento extraxudicial sí se pagan outros de maior importe como as memorias de actuacións que non pasan por Comisión Informativa.<br><br>De igual xeito prestaron apoio á petición do PSdG-PSOE para que se desdobrasen os gastos sen que se teña atendido. Adianta o voto en contra do seu grupo e cara a futuros expedientes de recoñecemento extraxudicial solicita que se agrupen as facturas por tipoloxías de gasto por que existen algunhas que suscitarán o seu voto a favor. |

| **Segundaquenda** | |
|---|---|
| **Portavoz PSdG-PSOE** | Considera que non se chega a esta situación por casualidade se non por unha dinámica que vai a peor ao que se une a falta de ingresos pola falta de recadación dos tributos. Ao se suma o desprestixio que elo provoca á institución.<br>En tanto non se solucionen os problemas apuntados, votarán en contra de todo expediente de recoñecemento extraxudicial. |
| **Evaristo Deus Deus GrupoBNG** | Indícalle ao portavoz PSdG-PSOE a distinción entre liquidez e crédito orzamentario. A maioría das facturas están vinculadas ás axudas de emerxencia social para alimentación. E un dos motivos polos que non se abonaron foi por que as facturas non se presentaron pola plataforma FACE.<br>No caso de que non se vote a favor, darán explicación do acontecido en Pleno cando se solicite información ante a falta de pago. |
| **Alcalde** | Adianta que se levan meses traballando no expediente que permitirá por en marcha as denominadas “tarxetas |



Cod. Validación: X6JYQQZZMRATFRYAAS39XPY4S
Corrección: https://mugardos.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 26

| | |
|---|---|
| | monedero". Na vindeira Comisión de Benestar darase conta da nova proposta de regulamento para poder dar cabida a estas e outras necesidades actualmente non contempladas así como ao posible modelo de convenio piloto a asinar con entidade que xa testou este tipo de actuacións para que en función dos resultados cara ano que ven poda abrirse un procedemento en pública concorrencia. Solicitarse as achegas dos diferentes grupos indicando que ningún goberno anterior deu os pasos para establecer este tipo de modelo. Co voto en contra dos grupos castigarase á xente que require dos vales e chama á reflexión. |
| **Portavoz PSdG-PSOE** | Por alusións.O que non cobrou no ano 2021 e 2022 é por que o goberno non fixo o seu traballo a diferenza da acción do seu grupo que vela polos dereitos da veciñanza. |

Rematado o debate, sometida a votación ordinaria acádase o seguinte resultado:

| **Grupo municipal** | PP (5) | BNG (3) | PSdG-PSOE (3) | EU (2) |
|---|---|---|---|---|
| **Sentido do voto** | A favor | En contra | En contra | Abstención |

En atención ao resultado acadado, o Pleno de conformidade co establecido nos artigos 22, 25.2º e 47 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, rexeitou a proposta asinada pola concelleira delegada dde Facenda e Promoción Económica de data 20 de novembro de 2023.

**4º.-SECRETARÍA.-MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR CONTRA A TRAMITACION DUNHA LEI DE AMNISTÍA .-** Moción presentada con data 11 de novembro de 2023, número rexistro de entrada 2023-E-RE-2328 , da que se da que se da conta na sesión ordinaria realizada pola Xunta de Portavoces realizada con data 22 de novembro de 2023:
"…

**4.1º.- MOCIÓNS GRUPO MUNICIPAL PP (núm. Rexistro de entrada 2023-E-RE-2328 e 2329 de 11.11.2023**

Cod. Validación: X6JYQQ2ZMRATFRYAAS39XPY4S
Corrección: https://mugardos.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 26

**4.1º.1. MOCIÓN CONTRA LA TRAMITACIÓN DE UNA LEY DE AMNISTÍA**. Escrito que tras unha exposición de motivos eleva á consideración do pleno os seguintes acordos:

"…

1.Rechaza cualquier tipo de amnistía o indulto generalizado para cualquier grupo de ciudadanos, cualquiera que sea su delito.

2. Considera que el imperio de la ley es la expresión de la voluntad popular, tal y como establece el preámbulo de la Constitución, y compromete a todos los poderes para su cumplimiento.

3. Anima a los dos partidos mayoritarios a buscar acuerdos de Estado que eviten que la sociedad española se vea sometida a las condiciones ilegales de partidos independentistas.

4. Dar traslado de estos acuerdos a Presidencia del Gobierno, a la Vicepresidencia primera y ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital, a la Vicepresidencia segunda y ministerio de Trabajo y Economía Social, al ministerio de Política Territorial, y a los portavoces parlamentarios en el Congreso y el Senado; así a la Junta de Gobierno de la FEMP.

| **Primeiraquenda** | |
|---|---|
| **Portavoz PP** | Remítese ao contido da moción. |
| **Portavoz PSdG-PSOE** | Sorpréndese por que non se dea lectura á moción da que non se coñece o seucontidoou tono. Lembra que no ano 1978 xa houbo unha previa amnistía para consolidar a democracia que dubida puidese producirse no momento actual. Pecha a súa intervención sinalando que existirán outras moitas mocións con maior interese para a veciñanza. |
| **Evaristo Deus Deus GrupoBNG** | Non considera que se trate do foro adecuado e moi alleo aos intereses da cidadanía polo que van a votar en contra. |

| **Segundaquenda** | |
|---|---|
| **Portavoz PSdG-PSOE** | Quere lembrar a amnistía fiscal levada cabo por Rajoy e considera que o Goberno estatal está a dar os pasos correctos e rebaixando a tensión institucional. |



Cod. Validación: X6JYQQZZMRATFRYAAS39XPY4S
Corrección: https://mugardos.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 20 a 26

| | |
|---|---|
| **Portavoz PP** | Eleva esta moción a consideración do Pleno porque así se o solicitou a xente. Estima que outros grupos municipais teñen un dobre rasero sobre as mocións que se presentan como a que no seu día se debatiu para suscitar o apoio da corporación en favor dun sindicalista dunha empresa non municipal.<br>Pasa de seguido a realizar unha lectura comentada do escrito de moción e dos seus pronunciamentos, pechando a súa intervención con indicación de que a normativa e o seu respecto é o que define a unha sociedade. |

Rematado o debate, sometida a votación ordinaria acádase o seguinte resultado:

| **Grupo municipal** | PP (5) | BNG (3) | PSdG-PSOE (3) | EU (2) |
|---|---|---|---|---|
| **Sentido do voto** | A favor | En contra | Dous votos en contra e a abstención da concelleira Marta Ruiz del Ganso | En contra. |

En atención ao resultado acadado, o Pleno de conformidade co establecido nos artigos 22, 25.1º e 47 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e concordantes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, o Pleno rexeitou a moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular.

**5º.- SECRETARÍA.- MOCIÓNS URXENTES**

Non se formulan.

**B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

**6º.- SECRETARÍA.- DAR CONTA DO ESCRITO CONSENSUADO POLOS GRUPOS MUNICIPAIS SOBRE DECLARACIÓN INSTITUCIONAL NO DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO..-** O Pleno da por realizado o trámite.

Cod. Validación: X6JYQQZZMRATFRYAAS39XPY4S
Corrección: https://mugardos.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 21 a 26

**Concello de Mugardos**
(A Coruña)

**7º.- SECRETARÍA.-ESTADO DE EXECUCIÓN DE ACORDOS PRECEDENTES**.- A secretaria da lectura á dilixencia estendida con data 23 de novembro de 2023:

““EXPEDIENTE 870/2022. MODIFICACIÓN PARCIAL REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL AS LAGOAS. Pendente de visado polo Servizo de Inspección de Familia e Menores da Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia, téndose recibido, con data 31.10.2023, requirimento de corrección das normas de funcionamento da escola infantil municipal.

EXPEDIENTE 1716/2023. RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS 02/2023 (RELACIÓNS CONTABLES DE FACTURAS F/2023/31 E F/2023/32).- Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente e polas Resolucións da Alcaldía núms. 2023-0860 e 2023-1095 acordouse ordenar o pago de facturas das relacións contables de facturas F/2023/32 e F/2023/31.

FESTIVIDADES LOCAIS 2024. Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente e remitiuse certificación do acordo adoptado á Xefatura Territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade de A Coruña, téndose publicado no Diario Oficial de Galicia núm. 208, de data 02.11.2023, a Resolución de 23 de outubro de 2023, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dá publicidade das festas laborais de carácter local para o ano 2024, correspondentes aos concellos das catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia.

APROBACIÓN DA SEGUNDA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL ADICIONAL 2/2023. 2º FASE DO POS+ADICIONAL 2 /2023. Uniuse certificación do acordo ao expediente e presentouse a solicitude de participación do Concello na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 2/2023” da Deputación Provincial da Coruña; téndose aprobado pola Deputación Provincial de A Coruña, na sesión ordinaria realizada o 27 de outubro do 2023, a SEGUNDA E DERRADEIRA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ADICIONAL 2/2023 POR MAIOR ACHEGA PROVINCIAL.

EXPEDIENTE 2742/2022. XUSTIFICACIÓN DO 50% INICIAL DE ACHEGA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA AO CONCELLO DE MUGARDOS PARA A FINANCIACIÓN DO GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL (GES) ANUALIDADE 2023. Uniuse certificación do acordo ao expediente, téndose presentado dita certificación ante a Deputación Provincial da Coruña.

Avda. de Galicia, 45. Tfnos.981470338-981470290-981471701 Fax.981472017- 15620 Mugardos
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4

Cod. Validación: X6JYQQ2ZMRATFRYAAS39XPY4S
Corrección: https://mugardos.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 22 a 26

**Concello de Mugardos**
(A Coruña)

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA A PROPOSTA DE IMPULSO SOBRE AS OBRAS DE MELLORA DO PARQUE BEIRAMAR, NO SEIXO. Uniuse certificación do acordo ao expediente.

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE SOBRE MODIFICACIÓN DO USO DA ESCOLA UNITARIA DE O SEIXO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS DESTINADOS Á ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES. Uniuse certificación do acordo ao expediente, ordeándose mediante Providencia de Alcaldía a continuación da tramitación para solicitar a efectiva desafectación da EEI así como a emisión de informe da traballadora social e arquitecta municipal para os efectos de verificar a aptitude urbanística do posible destino a un uso asistencial público para persoas maiores.

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Á SITUACIÓN DO TRANSPORTE POR ESTRADA NA COMARCA. Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Xunta de Galicia copia da moción presentada e certificación do acordo adoptado.

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE RELATIVA Á CESIÓN CASA NATAL PINTOR BELLO PIÑEIRO. Uniuse certificación do acordo ao expediente.

MOCIÓN PRESENTADA POLOS GRUPOS MUNICIPAIS DO BNG E PSOE RELATIVA AO APOIO AO TECIDO ASOCIATIVO DE MUGARDOS. Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Concelleira da Área de Facenda e Promoción Económica copia da moción presentada e certificación do acordo adoptado

URXENCIAS.- RATIFICACIÓN DO DECRETO DE ALCALDÍA NÚM. 2023-1034 DE 24 DE OUTUBRO DE 2023 - SERVIZOS MÍNIMOS ANTE A CONVOCATORIA REALIZADA POLO SINDICATO CC.OO. DE FOLGA DE PERSOAL DO PRIMEIRO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL CONTRA O BLOQUEO DAS NEGOCIACIÓNS DO XIII DO CONVENIO COLECTIVO DE CENTROS DE ASISTENCIA E EDUCACIÓN INFANTIL. Uniuse certificación do acordo ao expediente.

EXPEDIENTE 1252/2023. CONTA XERAL EXERCICIO 2022. Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse a Conta Xeral correspondente ao exercicio de Exercicio 2022 ao órgano de control externo.

Cod. Validación: X6JYQQZZMRATFRYAAS39XPY4S
Corrección: https://mugardos.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 23 a 26

EXPEDIENTE 261/2022. RECLAMACIÓN LIQUIDACIÓNS IAE REGASIFICADORA DEL NOROESTE, SA.- PROPOSTA DE ACORDO EXTRAXUDICIAL PO 244/2021 ABERTO ANTE O XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE FERROL. Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse a adopción do citado acordo a mercantil Regasificadora del Noroeste S.A. e á Excma. Deputación Provincial de A Coruña, téndose requirido á citada mercantil a presentación da documentación necesaria para proceder á sinatura do acordo, ao que ten dado oportuno cumprimento, téndose asinado, en data 15.11.2023 o *"ACUERDO ENTRE EL AYUNTAMIENTO DE MUGARDOS Y REGASIFICADORA DEL NOROESTE, S.A."*, do cal se ten dado oportuno traslado á mercantil Regasificadora del Noroeste S.A. e á Excma. Deputación Provincial de A Coruña; habilitándose ao avogado ao que se lle tiña encomendado o servizo de defensa letrada e representación do Concello no procedemento ordinario 244/2021, mediante a Resolución da Alcaldía núm. 2023-1151, para que proceda a presentar ante o citado Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ferrol o acordo asinado entre o Concello de Mugardos e REGASIFICADORA DEL NOROESTE, SA polo que ambas partes consideran satisfeitos extraxudicialmente os seus intereses para a adecuada e completa execución dos efectos que se derivan da resolución do TEAC de 28 de marzo de 2019, no que se refiere á tributación por Reganosa respecto do IAE dos exercicios 2010 a 2021, ambos incluídos, así como nos exercicios sucesivos, para os efectos, se así procede, de por fin ao procedemento xudicial.

EXPEDIENTE 1769/2023. COLABORACIÓN E DELEGACIÓN DA XESTIÓN RECADATORIA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA. Uniuse certificación do acordo ao expediente.".

## C) ROGOS E PREGUNTAS.

| **ROGOS** | |
|---|---|
| **Portavoz PSdG-PSOE** | Formula rogo para que se paguen as subvencións e convenios pendentes coas asociacións.<br>Roga que a reparación da cuberta do centro de educación Unión Mugardesa non sexa de mínimos e lembra que o seu partido presentou unha emenda aos orzamentos da Xunta de Galicia para que se substitúa a cuberta. |
| **Alcalde** | No día de onte estiveron os técnicos da Xunta de Galicia contratados e tras a primeira visita de comprobación constatan que a cuberta está en boas |



Cod. Validación: X6JYQQ2ZMRATFRYAAS39XPY4S
Corrección: https://mugardos.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 24 a 26

| | |
|---|---|
| | condicións tratándose de problemas puntuais que repasa de seguido. |
| **Portavoz BNG** | Solicita as Memorias valoradas do Club do Mar e Pedreira e que se pasen a Comisión Informativa.<br>Solicita se indique o número da resolución de alcaldía á que o portavoz do PP fixo referencia no pleno extraordinario urxente do 2 de novembro de 2023 no punto relativo ao acordo extaxudicial con REGANOSA.<br>Solicita información de por qué non existe dotación orzamentaria propia para as tarxetas de alimentos. |
| **Portavoz PP** | Máis que por dotación os problemas viron asociados ao exceso de facturas sobre o presupostado. |
| **Alcalde** | Engade que hai un maior número de persoas usuarias e o incremento experimentado polos alimentos. |

| **PREGUNTAS** | |
|---|---|
| **Portavoz PSdG-PSOE**<br>(número rexistro de entrada 2023-E-RPLN-10, de 28 de novembro de 2023) | Solicita información sobre cando se vai a pasar ao cobro a taxa da auga e o rodaxe á veciñanza.<br><br>Solicita igualmente información sobre o acontecido coas subvencións concedidas para a substitución da cuberta do pabellón, adquisición de material deportivo e vehículo para a recollida de enseres e aexecución das obras en rúa Estación. |
| **Concelleira delegada de Facenda e Promoción Económica** | Resposta que xa se lle indicou en diferentes ocasións xa que as preguntas se van reiterando en diferentes Comisións. A solución era clara máis non o comprenden. |



Cod. Validación: X6JYQQ2ZMRATFRYAAS39XPY4S
Corrección: https://mugardos.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 25 a 26

Non habendo máis asuntos que tratar o Alcalde levantou a sesión sendo as nove horas e dous minutos, estendéndose a presente acta da que como secretaria dou fe e que conta cun soporte de grabación en audio cuxa pegada dixital é:

CAD8D91CEBBB8DC57D2D1AE76438FE0194A64351C09F4A029CBD27DB91D861DD

Visto e prace

O Presidente A secretaria

Juan Domingo de Deus Fonticoba Paula E. Ramos Díaz

Cod. Validación: X6JYQQ2ZMRATFRYAAS39XPY4S
Corrección: https://mugardos.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 26 a 26